



N.º 121

Tomo 11

nós





BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

DIRECIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce números, na Península	8'00 pesetas.
Fora da Península	8'00 •
Número solto	0'70 •

Este boletín non publicará mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pola Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

NOTA

SUMARIO

CADRO (POESIA), por XOHAN LUÍS RAMOS
O MUNDO I-OUTRAS VÍSPERAS, por ALVARO CUNQUEIRO
UN ESMALTE GALEGO EN NEW YORK, por MARVIN CHAUNCEY ROSS.
MAIAKOVSKY, O DERRADEIRO ROMÁNTICO, por EMILIO PITA.
CANDO TEÑA 300 AÑOS DE ALÉN (POESIA), por AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO
UN PORTA, por LUIS MANTEIGA
ARQUIVO FIOLÓXICO I ETNOGRÁFICO DE GALIZA
OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS.

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Rúa do Vilar, 15

SANTIAGO

Sto. Domingo, 47-2.º

Ourense

Vicente Risco

Abogado



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XVI ★ Ourense 15 de Xaneiro de 1934 ★ Núm. 121

C A D R O

Por XOHÁN LUÍS RAMOS

Pombas tan frías e mudas que son nubens
cairan no teu ván.

Un regato laranxa pendurado do cenit.
O liño era unha migrazón de cousas ledas
que viaxaban c-os peixes.
I-as mazás maduras falaban do teu silenzo.

Tí pensativa no meio de todo branca.
Inmóvil. Salfa nos teus ollos a lúa
i-os ocos do teu corpo nún estaban cheos de rúnrúns en cfo
de gatos monteses.

Nas túas máns nascían os ríos i-as cegoñas
i-unha ollada infantil
e nos mus'os as pombas picoabante bicos
n-unha crara vea azul que esbaraba no liño.

O ar estaba cheo de sinos vexetales
i-en todo medraba transparente o fauno
que chafucaría ao liño e faría fuxitivos
ás pombas e regatos
antes que tí fuxiras.



O MUNDO I-OUTRAS VÍSPERAS

FRAAGMENTOS

A MIÑA NOIVA NOIVA

3

Daban si cōres tamén ríos. Regalaban pequenas Primaveiras. Algún paisaxe somellaba unha antiga canzón de áer de frauta. Non se sabía porqué tanta lediza. Cando a noite chegou alguén comezou a soñar en outa voz. Decían cousas que tiñan isa certa gracia das caixas de múseca. Regalaron un mariñeiro de branco pintado, unha fonte con un aquel de nena fina i-un espello que ainda non esquencera un extrano cheiro a corazón.

5

Sofíaban. Alguén comezou a soñar en outa voz, dixemos. Prefireñense descampados, non laranxas, para soñar. Diante d'unha laranxa hai quén abre as máns para escutar. Diante dun descampado por regra xeral ninguén díren. Con todo, as vegadas Deus adevirte: Ehi, agora, vai a facer mil anos que cantou un melro. Seino porque me chegan aos ollos rincóns fríolos.

7

Deus, craro está, sabe de todo. Quizaves seipa porque nasceron os Océanos, cando nasceron. Os homes andan pol-as riveiras, páledos erguendo mapas. Hai quén pinta nos mapas o retrato da moza e un pano de seda que di en roxo e verde «Recuerdo de la Habana». Tamén hai quén pinta unha cabeleira, unha troita ou unha lancha de vela. Hai quén non pinta ren. Dos Océanos sábese

que viñeron de Ionxe. Nonos trouxeron as pombas nin os cachemares azados. Isto crése comunmente. Non se sabe quen os trouxo. Dende logo xa hai pol-as riveiras pobos e canzós. As sireas eisisten por épocas Miña aboa tiña unhas de ouro nuns pendentes afiligranados. Non se levan agora pendentes d-isos. Nos Océanos hai grandes espazos amorosos. Chámanlle os mozos: a mar.

16

Das montañas a xente ten ideas pouco craras. Hai fume, queixos, mozos que cantan coma o eixe dun carro. Nas montañas hai fume, mozas, castañas maduras. Hai tamén monte ermo e campaiñas. Campaiñas que levan colgando as vacas i-as ovellas e din, simpremente, sinxelamente, cousas doadas: «¡Cal-do! ¡Pan! ¡Ca-mi-fio!.. Hai sino d-eirexa que di sin tatexar: «¡Bos días a todos! Oxe fará un sol sabroso coma un parágoas!...» As montañas son outas e teñen os seus nomes. Nubes cóllenas as máns cheas. Sono? Non se sabe que as montañas dormiran nunca.

22

Iste home, Don Nicolás Agüera e Queipo de Llano mercou tres libros. Xa tiña, por herdo, unha fiestra de vintecatro pequenos e cadrados vidros. Tiña tamén un reló. Eu teño agora ise reló. Dáselle corda con unha chave dourada, que leva o reló pendurado

d-unha cadenita. Fai 10 anos que eu teño ise reló. Para todolos días ás tres en punto da serán, ás tres en punto da mañán. Eu senteime onde aos vintecatro pequenos e cadrados vidros da fiestra. Eu tiña o reló n-unha mau, n-outra mau tiña un libro. O libro mercónou Don Nicolás Agüera en 1866, tres anos denantes de morrer. Trátase de versos. Versos franceses, versos craros, finos, fantasías ao xeito de Rembrandt e de Callot. Trátase do «Gaspard de la Nuit» de Aloysius Bertrand. Don Nicolás era un home calado e mui pulcro. Tiña unha pequena barba rizosamente soave i-unhas máns longas e transparentes. Tivo once fillos—Elisa, Agustín, Nicolasa, Pilar, Gonzalo, Carmen, Manuel, Marla, Sergio, Eugenio, Isabel e Patricio—e

traduxo ao latín tres poemas de Gérard de Nerval. Morreu en 1866. Foi un home feliz, calado, pulcro. Como se vé tampouco no tocante aos homes se pode nunca decir ren.

Eisi, con unha man erguida, Os pregues finos, graves, amantes, do traxe negro. Unha carne branca e lonxana. Eisi, no camiño, a Señora. Logo incriñando a cabeza á esquerda, triste, entrou na casa. Inda levaba a man erguida, acenando o seu branco, carne branca e lonxana. A Señora foi sempre unha muller grácil e riseira. Viveu a comenzaos do século.

ALVARO CUNQUEIRO.





UN ESMALTE GALEGO EN NEW YORK

Os tesouros das eirexas de Galiza gardan ainda un bó número de fermosos esmaltes que datan da Edade Meia. Os más importantes son os anacos dos esmaltes «champlévé» do frontal de Ourense, do século XII e probablemente de Limoges.

Dista cibdade francesa debreu vir tamén un bó número de ouxetos de esmalte: tales como o bágoa de Mondóñedo, as cruces de Ourense (1), a caixa de San Estebo (fai moito tempo vendida e atopada préto de Abelen-dá) e as cruces de Santiago de Compostela (2).

Sospeitamos que algúns dos ditos esmaltes, non embargante, poideran ser unhas copias, ainda que isto é moi difícil de probar.

De Limoges son tamén as placas de esmalte pintado, de unha colección particular préto da Cruña, expostas fai uns 25 anos en Santiago de Compostela.

Noutra parte, os esmaltes «cloisonné», montados sober ouro, son de procedenza parisién, datando do 1300. Ademais distes e outros mencionados nos documentos; non embargante hai ainda esmaltes que creo son de orixen galego. O arqueólogo Sr. Ferrández notou xa o esmalte translúcido verde sober ouro e o ten por galego, fundándose nun medallón de acebache do Apóstolo Sant-Iago, que se supón sexa do século XVII (3). Hai ademais moitos documentos do século XVI, que nos falan de esmaltes. No 1547 había en Santa María de Junquera: «otro cáliz con seis campos, los tres lisos y los tres dorados, y los dorados labrados de arboledas y la manzana dorada a seis esmaltes en ella...» ou outra vez no mesmo inventario: «otro cáliz viejo de seis campos, los tres blancos y los otros tres dorados y en cada campo su arboleda y la manzana dorada con seis esmaltes verdes...» e mesmamente un tercer calis: «que tiene en su pie vn borde dorado como festón a manera de laço con unas granadas y en la manzana seis esmaltes» (5). Neste ano había en Muros unha crus esmal-

tada, que tiña un escudo de nobreza hispana, e que procedía certamente de un ourive do país: «de plata y con su pie todo dorado... y dos escudos esmaltados con las armas de Landera, porque la mandó su mujer y él la hizo» (6). Mais non só as eirexas foron ben surtidas de cálices e cruces de esmaltes, senón que tamen-o empregaron nos portapaces. No Seminario Conciliar de Santiago existe un eisemprar e no ano 1509 a Catedral tiña *otro portapaz pequeño todo dorado de dentro y fuera cercado de beneras con una salutación de esmaltes* (7). No século XVI viñeron a Sant-Iago esmaltes doutras partes, como pode sospeitarse do grande continente de pelegrinos. Antre eles foi mencionado un calis no 1568: «de plata dorado pequeño... y en las manzanas seis esmaltes y el pie redondo con de un caballero alemán, que dió el dicho caliz» (8); máis do abastamento distes esmaltes nas eirexas galegas, moitos outros puderan ser certamente feitos na mesma Galiza. Conocemos, polo de pronto, esmaltes decote froleados con outras artes pequenas de metal e acebache, feitos en Sant-Iago, e naqueles tempos dun gremio tan afamado como dos acebacheiros composteláns.

Do século XV coñocemos a crus: hua crus moy ben obrada, dourada, esmaltada et ben dosada, «e as oito estatuas tamén de prata e esmaltadas et ben labradas», que foron parte do rico tesouro deixado pol-o Arcebispo López de Mendoza no 1448 (9). Vha crus (10) do século XV, parte en acebache e parte esmaltada en azul, verde e negro atopase en Oviedo (Asturias). Non me lembro de ver esta dita crus e a mala ilustración de Villaamil faime sospeitar que ten semellanza cas cruces procesionaes esmaltadas dos séculos XIV e XV, as caes abondan nas eirexas de Castela e Cataluña e son xeralmente tidas de ourives do país. O século XV foi tamén rico noutros ouxetos esmaltados

pra o culto, tal como un calis en Sant-Iago no 1476 (*huum calis de ouro...* e no pee con tres escudos con armas esmaltadas (11), e outro no convento de San Francisco de Sant-Iago, que figurou na exposición de Lugo de 1896 (12).

Un inventario francés de Carlos VI, feito na 1399, mencioa unha crus que penso debe ser galega e semellante á crus de acebache de Oviedo, xa mencioada enriba: «une croix de Jayet, a un crucifix d'ambre blanc et deux angelotz de mesme. Nostre Dame, St. Jean et un pie d'argent en maniere d'une terasse esmaillée de vert, ou sont oz e testes comme de mors» (13). O relicario en forma de busto ca cabeza de Sant-Iago Alfeo, mandado facer pol-o Arcebispo Fr. Berenguel de Landoyra (1317-1330), ten unha crus esmaltada en roxo. López Ferreiro atribuie tamén un crucifixo de marfil esmaltado e a imaxen de prata da Virxen e o Neno, como a cara e mans, feito en Sant-Iago.

Os nomes ben hispánicos como Arias Pérez, Pedro Peláez, Pedro Martínez e Fernán Pérez, que atopanse xa dende o século XIII, nos mostran un período de prosperidade pra os esmalteiros na cibade de Sant-Iago. É unha pena que López Ferreiro (15) que falou distes nomes, atopados nos documentos e que eu non sei de onde os tomou, non poidera escrarecermos máis sobor algúns esmaltes do século XIII en Sant-Iago que quizais poiderían ser certamente galegos.

Os esmaltes, en tróques, do XII, que os documentos nos din que foron en Sant-Iago, non son galegos. As arquetas esmaltadas de San Cucufate, Sal Silvestre e Santa Susana, feitas en tempo de Diego Xelmírez (16), me parecen ser moi semellantes á arqueta esmaltada de Bellac (Haute Vienne), xuzgando pola descripción que Ambrosio de Morales fai delas. O frontal, mandado polo mesmo Arcebispo, foi feito pra ser esmaltado; mais as verbas (sinxelamente di que o fondo é «pintado»), non é crara e pode referirse ao *niet*. O arte do esmalte ven xa de tempos moi antergos; pois a crus do século X, probablemente asturian, doada polo rei Alfonso o Magno tiña un pequeno esmalte «cloisonné» en ouro.

Por estas citas e eisemprares paresce cra-

ro que o arte do esmalte foi traballado na Galiza e que Sant-Iago foi un centro forxador de artistas. Coñeceron todos os diferentes tipos de esmalte, sen contar o cloisonné, champlevé, baissetaille e o incrustado, nos que foron sempre bós mestres.

Foi opinión moi espallada que os esmaltes se fixeron só en poucos sitios de Europa na Edade Méia, e nos comenzaos do Renacemento; mais ista idea é agora desfeita polos novos estudos sobre iste arte.

Cando Ambrosio de Morales escribeu seu relato dos ouxets das eirexas que había ollado en Sant-Iago, dá conta dunha crus de ouro esmaltada en negro: «la una es de oro con muchas perlas gruesas, aunque no muy finas, es harto bien labrada y esmaltada de negro: ésta tiene el pie de plata» (17).

O uso do negro sobre ouro é raro e curioso. Lémbreme un pequeno pendurado reliquario de ouro (18) esmaltado en negro e branco, que atópase no Museo Metropolitano de Arte. Na forma é semellante a unha crus, cos remates dos brazos que voltexan coma frois de lis, tendo no centro unha pequena caixita cas letras «I H S» no anverso e no reverso «A M». Ten ademais, nun dos remates, un buratiño pra que a dita crus poida ser pendurada ou cosida á roupa. Chama atención, non embargante, a forma dista crus. Algunhas outras semellantes foron atopadas en diferentes artes, como no bizantino por eisempro (no disco nielado de Cypro) (19), mais lles falla as puntas antre o escudo da crus. Só coñeko, que teñen as ditas catro puntas ou raios e istas grabadas no reverso, duas cruces: unha no Museo Metropolitano de Arte e outra nunha colección particular. O Dr. Hildburgh (20) as publicou e dou a coñecer como galegas. Outra crus (21) en Sant Iago, antigamente procisional, mais agora posta nunha capela, demostra que a teoria do Dr. Hildburgh é enteramente xusta (22). E xa que as cruces de cobre son todas galegas e entre elas atópase a forma orixinal do pequeno pendurado reliquario; coido, non embargante que ela debe tamén ser galega. A crus de acebache de Sant-Iago, a de Oviedo e a de prata tamén de Sant-Iago, de tipo latino, teñen a mesma parti.ularidade da punta ou raios antre os brazos da crus, particula-

ridade que paresce local, o que proba máis o atribuir o pequeno pendurado a Sant-Iago. O uso do esmalte negro e branco é tamén un procedemento moi hispaniol, raro, ainda que non descoñecido, e moitas cruces de Castela e Cataluña teñen decoracións esmaltadas en negro e branco, (algunhas vegadas en roxo), facendo un contraste forte co azul enxebre de Limoges.

A data do pequeno pendurado non é doado precisar. A etiqueta do Museo o clasifica do século XVI; mais isto paresce sorodio, comparado cas xoias hispanolas do século XVI, as caes levan asomade esmaltes incrustados en negro e branco, e que Carlos Davillier (23) descubreu que foran feitas en Barcelona. As cruces que puderón datar probablemente do XIII ou máis tardar do XII, as más antigas foron do 1260-80, cando o bispo Don Lucas de Tuy (24) protestou contra a nova moda de usar tres cravos, no logar do uso vello dos catro, como acontece cas cruces procesionaes de que xa falamos. Nos dímoito tamén que un concilio celebrado en Sant-Iago prohibeuse o uso de ouro e prata nas cruces (*cruces et capsas argenteas cas adorment*) (25). Iste decreto debiu influir por moito tempo. Diego Xelmírez, o primeiro Arcebispo de Sant-Iago favoreceu a fundición dos ouxetos de ouro sustituindo o metal

máis barato como fixo no caso do frontal dourado. Pudo, en verdade, haber favorecido o que se fixesen cruces de baixo precio; mais o xeógrafo árabe Alidrisi (26) afirmou a abundanza do ouxeto de ouro e prata en Sant-Iago na mitade do século XII. Polo tanto pódese colocar, sen medo, estas cruces de cobre nos finais do dito século ou no seguinte, cando a disposición do concilio foi esquencida. ¿Pudo tamén o pendurado de New York ser un esemplar feito por aqueles ourifaces do XIII, cujos nomes desenterró López Ferreiro? É difícil comprobar isto; porque os poucos datos da metalurxia en Sant-Iago non os permiten ter maiores conocementos. O relicario, non embargante, é pola sua forma tradicional e quizás de un século máis tarde, si temos en conta o esmalte en ouro como traballo na Galiza durante a Edade Méia. Niste mesmo pequeno pendurado relicario atópase aquela fermosura das miúdas artes antigas. A súa importancia está, sen dúbida, en que é galego e pode servir de vieiro pra coñecer outros esmaltes ainda más importantes da procedenza de Sant-Iago de Compostela, un dos centros medievales onde máis outo floreceu o arte miúdo do esmalte.

MARVIN CHAUNCEY ROSS.


N O T A S

- (1) O báguo de Mondededo e as cruces de Ourense figuraron na exposición en Barcelona do 1929.
 (2) Istanse exhibieron na exposición de Sevilla do 1929.
 (3) José Ferrández, *Marfiles y Azabaches Españoles*, Barcelona 1938, pág. 246.
 (4) José Villa-Amil y Castro, *Mobiliario Litúrgico de Galicia en la Edad Media*, Madrid, 1907, pág. 304.
 (5) Idem, pág. 304.
 (6) Idem, pág. 201.
 (7) A. López Ferreiro, *Historia de la Iglesia de Santiago de Compostela*, obra cit., pág. 162, vol. VIII, Santiago 1903.
 (8) Villa-Amil y Castro, obra cit., pág. 342.
 (9) Villa-Amil y Castro, obra cit., pág. 354 e 369.—López Ferreiro, obra cit., vol. VII, 1905, pág. 181.
 (10) Villa-Amil y Castro, obra cit., pág. 116.—Ferrandis, obra cit., pág. 251.
 (11) Villa-Amil y Castro, obra cit., pág. 302.
 (12) Idem, pág. 259.
 (13) Ferrandis, obra cit., pág. 249.
 (14) Obra cit., pág. 290.
 (15) *Lecciones de Arqueología Sagrada*, Santiago 1894, páxina 324. O arqueólogo D. Xesús Carro fixo pra mim unha copia das páxinas que tratan dos esmaltes.

- (16) Enrique de Leguilna, *Esmaltes Españoles*, Madrid 1909, páxina 84.
 (17) Citado en Villa-Amil y Castro, obra cit., pág. 200.
 (18) Friedsam Collection, n.º 32, 100, 309.
 (19) O. M. Dalton, *Byzantine Art and Archaeology*, Oxford, 1911, pág. 689.
 Véxase tamén Anglo-Saxon Brooches, et F. T. Leeds, *Early Saxon Penetration Antiquaries Journ.*, 1933, pt. XXXVI.
 (20) W. L. Hildburgh, «On a Copper Processional Cross», *Metropolitan Museum Studies* III, 1961, pág. 288. Véxase as figuras 2 e 4.
 (21) López Ferreiro, obra cit., vol. III, 1900 pág. 136.
 (22) Como por exemplo o sartego de Egas Moniz, morto no 1144 no Paço de Lousa (Portugal) ten o medalo intercalado no báguo; un capitelo do coro de Rio Mai (Portugal), datado no 1151, ten o axedrezado; e, en Lugo, o sartego de Santa Froila (século XIIE) unha longa figura delgada como no báguo. Véxase A. Kingsley Portier, *Spanish Romanesque Sculpture*, Florence, 1928, II, lám. 108, 138 e 148.
 (23) *Recherches sur l'Orfèvrerie en Espagne*, pág. 258.
 (24) G. G. Coulton, *Art and Reformation*, New York 1928, páxina 181.
 (25) López Ferreiro, obra cit., vol. II, (1899). Apéndices, páxina 229.
 (26) Villa-Amil y Castro, obra cit., pág. 209.



DE "A SÍNTSE DO CRIME"





MAIAKOVSKY; O DERRADEIRO ROMANTICO

Dentro da nova poesía, non se pode situar a Rusia. Teríamos de tronzal-a do albre qu'ela mesma cree plantou, si colocámosla coa chamada poesía modernista, ainda que puro dadafismo foi cultivado por Krutchenyks, por Terentief, por Zdanevich, que asemellassen na forma e no fondo o d'outras partes onde se rende ou téñese rendido culto a Dadá.

Wyndham Levis, inglés, tomou como punto albeiro das súas frechas ó ár, no seu libro «O principio diabólico e o espeitador ditirámico», ese anarquismo o negativismo completo co que localizouse ás novas tendencias poéticas, que pra il non son mais qu'o desenrolo lóxico d'unha desilusión insatisfita. Deica Gonzalo Lafora fixo un estudo psicolóxico encol do cubismo e do expresionismo, o que pode apricarse cos eisempros da arte pictórica a iste tema, por térs sólidas analogías. Todo pode resumirse n'este afirmaiso: o negativismo e unha carauterística do padecimento. E na nova poesía rusa remarca á incrinazón amarga o humorismo, que é tamén unha carauterística da negazón.

Tén Rusia poetas proletarios, ¿pro existe na Rusia unha poesía proletaria?

Os novos poetas camiñan arelantes polos vieiros da expresión; pra atopal-a súa expresión. Porque pra os da pura ortodoxia, á poesía proletaria non terá de diferenzarse soiamentes pol o seu eistemismo, sinón que asemade, terá de revolucionar o estilo, o vocabulario, o ritmo, a gramática.

Xustificanse d'iste xeito, os ataques dirigidos por Trotksi e asemade por Ossinski os imaxinistas, os futuristas, os presentistas, os simbolistas, os construistas, nos que s'arredan aquelas escolas, por atopar n'elles oír un oportunismo literario. Frente a iles

poñen o grupo obreiro da Kuznitza, pra os que «a arte proletaria é un prisma que recoille as raiolas d'unha crase. O estilo é a crase.»

Frente a ises poetas que cantan en metáforas ferozes o chan que trema, polos puños dos obreiros, que entoan salmos ás chimeñeas e os edifizos, a Lenín, o Segrelario do Partido e o Plan Quinquenal, esvainse os nomes dos imaxinistas coa súa dozura amarga, co seu sabor acre na boca de vida que non é. Alejandro Block, o místico de «Os doce», e o pobre Essenin, buscando a súa concencia no fondo dos vasos valeiros, perdendo pouco a pouco a xuventude, pasando á vida entre o fume das tabernas. Essenin se mata abriendo as venas e mollando a pruma no sangue, escribe a derradeira metáfora. E o símbolo da nova xeneración intelectual: amarga, estoica e xuliganista; d'unha intelixenza precoz, d'un coñecemento innato da vida, de todo o dór da vida.

Vladimir Maiakovsky, o poeta épico da revolución, o mestre da derradeira xeneración literaria, é por antonomasia o poeta antiproletario. Denantes da revolución, escoitábanse xa no ár vacuo e atrofiado da Rusia as súas metáforas bárbaras e incomprensibles. Era unha reencarnación de Witmann e de Verhaeren; a revolución coa sua inquedanza nova e virxen poido comprehendelo. O seu espírito romántico rebelouse o canto que non sentia. Como Essenin, asemade poeta antiproletario, cando n'aquel poema á gloria do Putgatchoff —o precursor de Marx e de Lenin — arelando faguer poesía épica, fai poesía mística, subxetiva, neorromántica.

Maiakovsky, dentro da poesía rusa postrevolucionaria, constituye a antítesis; todo n'il é iso: antítesis. O seu poema mais popular «Os 150.000.000» no que percorreu prasmar a tra-

xedia dos rusos, coma todo-a súa obriga, pón isrido o home, dibuxa o poeta que viu, como bó romántico, en compreta contradición co ambiente. Quixo afogar n'il toda íntima freba humán, todo sentimento subxectivo, porque sentíao espallarse, amprificar-se pasenialmente.

Coa súa morte perdeu Rusia un gran poeta, pro non a un poeta sinceiro. A súa meirande sinceiridade, a sinceiridade da súa vida, foi a súa morte. Porque coma Essenin, coma Sobol, coma Tchelaef, coma Kuznetzof, coma Miguel Goldny, non buscou no

agarimo do viño ou na aperta mansellha da morte, unha derradeira metáfora da vida.

Vladimir Malakovsky, o poeta das masas, o ídolo das novas xuventudes rusas, molido na traxedia, empapado de drama, dibuxouse un circo no corazón e pondo encol d'il a pistola, apertou o gatelo.

E cando o atoparon no chán, deitado e sin vida, aloumiñaba os seus beizos unha surixa serea.

Había morto por amor, coma un Larra calqueira.

EMILIO PITA.



CANDO TEÑA 300 ANOS DE ALÈN

*Cando teña trescentos anos
eu teréi o corasón na soma de todal as cousas,
ceibo é lèdo,
coma un chonto de cabras en branco:
por caibancas, montañas e nílbens.
Peixe de lux, escoard pol-as mans
dun longo oleaxe de sono.
E deixard sèmpre un ronsèl de lèdicias
e sorrisas molladas de aurora.*

*Os hòmes e as cousas
sô serán unha vèrba florida e lixeira
c'unha i-alma bélida e musical,
que sô verdu os uenos ao dormir.
A miña vòz mdis lonxana
andard a carexar, en nève i-estrela,
a sua divina carne renacida
na paz do meu reino sin fin
—Estrela, Noite, Xacquelina, Pomba—*

*Xa non perderá nunca o seu camiño a estrela.
Nin roubardu sua lúa sapos bandidos.
En dílos, si, serenos
dormirase a noitiña
sin medo a ise ruxido de bdguas en fervenza
que a fixeron mil veces suicidar
dunha árbore de sol.*

*I-ela — Xacquelina —
xa non perderá o camiño dos meus beixos,
porque o río das cousas estará moi fondo,
atravesado por trescentas pontes de sono
para poder pasar a nosa apèrtia
a salvo de oscuros naufraxios en dcos.*

*Cando as suas mans apreixen a soma dun anceio
eu non teréi fuxido por subterrâneos, non.
Eu estaréi en todo cos meus brazos abertos,
Unha surixa ardendo en dílos infinitos.
Labios en beixos sèmpre.
Mansiñas esluadas a verter as ternuras do seu sono.
—O mito dos pombas terá un senso vivo—*

Mais tan sô cando eu teña 300 anos de Alén.

AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO.



UN POETA

Pódese matinar canto se queira na realidade ou inexistencia do ser; pódese manexar en discusión o xogo das teorías controvertidas, é o mesmo; unha data, porque si, razón suprema e axiomática, ou pola gracia de Deus, si vos acomoda millor, n'un curruncho calquera da terra, como unha cousa mais, nasce o home entre as cousas. Mais adiante, a choiva das horas aló dentro, n'ise fondo íntimo do ser, asequibre somentes ao sentimento, vaille espertando dun s'no pechado, que non tivo comenzo, unha i-alma sensibre, unha concuencia, unha presencia sua, unha presencia das cousas, estranas e irmáns, ao mesmo tempo, e un desexo de comentario, de aloumifio, que é ao tempo contemplación afervoadas e propia creación, mais adiante ainda, virá un estrano señor con pretensiones de crítico e interpretador de sonhos e realidades a pendurar sobre do home, sobre da sua obra, que é o seu mais íntimo ser, uns vellos cartelóns que faláran de valde, dun novo romanticismo, dunha imposta pagania, de moitas cousas que fan rir. Pro iso non importa, cada un fala como quer, e sinte e vé, como pode; ao home, ao poeta todo lle importa mui pouco, porque él leva dentro de si a sua verdade e a sua razón, e vai sementando a sua obra o mesmo que unha rosa ceiba o seu recendo, con man aberta, como un deus a sua grandeza, e a sua esencia.

Terras de Villalba, campos ricos da meseta sin parello, fronda, ledizosa Terra Chá. Mais aló, a ebriedade tola dos montes de Mondofredo, pompa da terra ás mans cheas, o laberinto dos vals e das congostras frolegidas, e a quietude duns pobos durmidos nos seus anos e na sua historia. Pro hai lugares entre ises lugares que son terriñas humildes da montaña, terras onde medra a verdura

acuosa do pan negro como a terra; sinxelas terras de outura; son as montañas que viven mainamente de aquelas montañas de Meira e de mais aló, onde nasce o Miño; son unhas terras montañosas, dondas, soaves, ricas, coisa riqueza campesia dos que non queren mais que o seu curruncho; son as terras da Graña, de Abadín, de Moucelos, de Seibane, de vinte, de cen aldeñas mais. Por aquiles montes coma fauno incansabel, levaba tedaamente as estreitezas da sun probe vida de escolante de aldeia, o poeta Antonio Noriega Varela, e cantaba, ainda puro e bon a humildade da montaña que o acollía, o íntegro ser agarimabel das urces, dos toxos, das xestas; a prenitude das noites montañosas, sin presencia de remilgos da cibdade envenenada; a grandeza do Señor que deu o ser, unha forza e unha gracia únicas, ainda nas más humildes formas e lugares cantaba salvaxeamente a «bunita aldeia» e vivia a sua vida coma un fauno ledo e satisfeito, grande latríqueiro da bulideira picardía do home que está por riba de todas as cousas porque xa consigueu acadar os conceitos da vida.

Por aquil tempo ia perdendo a sua inconsciencia infantil un rapaciño aldeán. Era o home e fa ser o poeta. Podemos fantasear un pouco encol de istas cousas que non se poden saber, precisamente porque non intresa sabelas. Aquil picariño, seria coma todos os seus igoales, coisa lediza castrada da infancia aldeán, ledo, cruel, curioso, rubiria aos arbres e furaria silvas buscando o segredo dos niños, pra escachar os ovos, ou apañar os paxariflos; correría pol os montes armando o feixe das mentiras pra enganar aos maiores e arredarse da sua presencia incómoda; seria un rapaz delicioso. E un dia, sin saber porqué, atopou que todo era diferente, que todo

acababa de nacer n'il, e no entorno. Froles cer maravilloso das cousas iniciaes! O home anda ensoñado ao redor de todo, e non comprende o porqué da sua cegueira de antes. Il ten xa un surrir ledo e unha ollada triste, isa ollada dos homes que ven mais aló. Todos perceben que o seu ollar non se pode deter no contorno aldeán, que as suas mans non naceron tan brancas e finas, pra maceira, e o legón, todos perceben que non é un home do agro, ainda que sexa un irmán. Il é xa un mozo saudoso que olla estranamente todal as cousas, o mundo abreselle coma un abano de emocións; il non pode pasar de largo pol os camiños, sáelle ao paso a humildade calada de todal-as cousas. Il vai vendo, mejor, sentindo, que non son cousas valdeiras, perdidas na teima laberíntica da vida cega; il vé almiñas sinxelas e caladas, afurtadas no ser de cada cousa, «frolinhas saudosas, lontanas irmans das estrelas». Non, il non é o Noriega, il non é un burdo primitivo, il non é un centauro forte, il é un irmanciño ledizoso de todal as cousas. Pra il non é bruta e aldeia humilde, il sinte soio, ainda alá dentro, ainda mudas, as verbas garimosas dos seus aloumíños de irmán. Todo é seda no seu sentir afervoados.

Pro algo ven de afora, ise algo que choveu no seu ollar, cando ainda non sabía de si mesmo i-este algo envóltao n'una tristura doorosa, sotil, como un fume esvaido. Il non sabe o porqué da tristura, il sinte a lediza da vida e das cousas, como unha esencia vital; pro por riba de ela, envoltándoo todo, envoltando a individualidade de cada cousa, e dobregando a sua forma, coma un troquel, a tristeza infinda da door das cousas, e dos homes. Xa sinteu denantes aquil isleño que se chamou Antero de Quental, pro aquil home, rexo, puritano, vivira outro mundo e outras horas; aquil amaba a Iús e a craridade esixente do sol e da ideia imperativos da hora, e aquil home necesitou anos de tortura e anguria, de anceios de aniquilamento e negación pra atopar un acougo nos brazos abertos de unha crús. Noso poeta montañés anda soñío e prácelle a sua soedade, porque os homes, atenden as suas cousas, que non son as dit; i-a il góstalle a noite, porque a súis, «que ven dos ermos inhóspitos da lúa,

encadra o seu anceio, guía a saudade dos seus pasos, seu vieiro, i-é alento e celme da sua forte paisaxe de montaña. A duor crávalle na ialma, os seus alumíños cóbrense de bágoas, e il vai preguntando o porqué da door, do silenzo pechado das cousas; a sualedicia vaise murchando, como nun sono de morte, e ainda ten presencia no subconsciente. Pro as cousas, e il mesmo están ali entre a inmensa door invencibel, que pesa tanto que il xa ten que vela coma unha razón fadal do ser. Cecais é de aquela cando zoa na sua ialma o eco tráxico do luso atormentado, «não, não valía a pena» e ainda a sua vós está muda. E xa entón non anda a vagar polos montes pro viven na sua ialma «as frolinhas do ceio que o Noso Señor sementou nas llineras, nas gándaras esquivas, nos ermos penedos, entre as silveiras. ¡Humildes frolinhas!» e rente aos seus ollos e a sua ialma un inmortal Cristo morto, abreille os brazos, e il entrégase, como unha Teresa namorada, i-a sua vida, o seu anceio, a vida e o anceio de todo teñen xa unha razón e un fogo de responso, i-a door un porqué. De aquela canta a sua ialma o cantar abalado de todal-as lembranzas, de todol os anceios, i-o seu canto é pura oración, é aperta forte, é preno renunciamento. Ahi tendes *Señardd*.

É preciso que a nosa vida se encha de senso craro; precisase unha fé en que descansar incansabel da nosa vida e da vida toda. É despois cando emerxe de nós mesmo, consciente ou inconscentemente, a riqueza ou esulticia do noso ser, Nietzsche, que sabía un pouco distas cousas, xa nos deixou dito, que compre afogarse no caos pra que naza a estrela. Xa o poeta vé a sua concencia emocionada, xa ten agarraeiro, xa non lle é posibel renunciar. Abrazados a il a door e a lediza, c-un hourizonte ideal intanxibel, il é un home entre os homes, e por riba de todo entre as cousas, il é un poeta doorido. Polos campos ledos da Italia mediévica, polos duros camiños do pelegrinar ascético correu a sua vida Jacopone da Todi. Polos montes da Auvernia, polos camiños do mundo levou Francisco o seu corazón acceso pol as doces verbas de Jesús galileo, e iles, poetas ledizosos recrearon as verbas e as apertas de amorosa fraternidade auténtica. O noso poeta xa

tranquio na sua door sin límites, recostado no cabezal pomposo do Padornelo, corre de novo os camiños da montaña, os sendeiros da noite, a tristeza infinda, e a lediza subrime de todal·as horas, co seu corazón aberto a humilde grandeza das cousas. «Meu corazón é un río silencioso e profundo—por onde escorre toda a ternura do mundo—i-o Amor i-a Doer». É todo il é un corazón, un corazón xeneroso que se desfai en cancións. Dende fai moitos anos, alá nos campos doces das terras vasco-francesas, Francis Jammes, vai pondo un pouquiño da sua alma, en cada cousa, pra prodela agarimar logo coma un anaquito de si mesmo, ou da humanidade irmán. E á forza de entregarse a elas, e agarimalas, as cousas teñen nos seus versos, todo o sabor da sua alma ledizosa. O noso poeta non ten porque lle dar ás cousas anaquitos da sua alma; il sabe xa que toda cousa ten o seu ser, i é unha parte do todo subrime, e son elas, as que se lle meten no seu corazón afervoado, pra sairen agarimadas nos seus versos. O poeta canta, é un cíne-ave-fenix. Ceos, e noites, e luas, e montañas, paisaxes de Galiza! O poeta é como un alento limpo da paisaxe total, que se non fixo ainda, disa paisaxe que non é a lís, que non é a coor, que non é a forma, que non é

tampouco e ainda o rumor; disa paisaxe que é o todo; que é o home, cos montes, coas prantas, co ceo, coas augas, coas animaes, co rumor; e co ise outro inasequibel, inaudibel, inefabel, que é o fogo, espírito e gracia, i-está detrás, e dentro de todal·as cousas, i é preciso sentir, intuir e nada mais. Nas mans do poeta doido sempre, pola door do mundo, medran as roseiras silvestres das suas cancións. Unha ternura inefabel, a ternura que baila nos seus ollos tristes, dende aquil día que se sinteu a si mesmo, antre as cousas, isa ternura que é alento humano, e gracia sobrehuman, sin a que, os homes alónxanse i-estránanse dos homes, e son o alento do seu ser, cantar. Verbas garimosas, diminutivos quentes; todol os seus versos saben a aperta e caricia afervoada; Frai Luis diante do mundanal bruido, pro tan outo, que xa está fora dit. Por ahí vai *Corazón ao vento*, entregándose a todos sin romperse, abrindo un camiño que ninguén sigueu ainda, ao menos no noso ámbito, diante o silenzio brutal da incomprensión.

Ahi tendes doulos libros, e n-iles un poeta que é xa froración, e ainda promesa magna. Aquilino Iglesia Alvariño.

LUIS MANTEIGA.

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza PAPELETAS PRA UN DICCIONARIO

Damos a continuación algunas verbas de uso corrente na terra de Lobeira (Ourense).

Moitas serán de uso corrente n-outros sitios, mais coidamos que ainda n-este caso, non carez de intrés a sua localización.

Todas istas verbas foran escoitadas por nós dos beizos da xente, especialmente dos vellos. Cecais n-algunhas se note influencia portuguesa, mais hai tanta razón pra que no noso léxico influia Portugal, coma Castela. O seu valor é, pois, positivo, e ao noso vocabulario deberán ser incorporadas.

* * *

ABOCAR.—Parar de chover.

ACADAR.—Alcanzar. Esperar.

ACHESTAR.—Axudar. Empuxal-o carro fagendo forza nas *chedas*.

ACHOURA.—Chousa, horta.

ACOUVILLAR.—Arranxar.

AEITO.—Sen escolher.

AFEITO.—Sen escolher. Acostumbrado.

ALLO (co).—En previsión de...; por si... (*co allo de que viñas...*)

ALPENDRE.—Cobertizo.

ALUSTRE.—Relámpago.

AMALLOAR.—Atar os *mallós* ou cordóns das chanclas. Atar.

AMOSTRAGADO.—Estropeado, derramado.

ANDACIO.—Doenza de carácter xeral.

ANGA.—Asa dos potes.

- ANUZAR.—Amostragar, derramar.
- APÓR.—Comenzar a moer. Xunguil-o gando ao carro.
- APURRAR.—Azuzar.
- AQUELAR.—Arranxar.
- ASEMADE.—Por outra parte... (*Asemade non está ben fáquer eso*).
- ASMO.—Doce, sen levedar.
- ATINILLADO.—Mandil a raias.
- ATIRICEIRO.—Pedichón.
- ATURRAR.—Aguantar.
- AVANTAR.—Adiantar. Saltar, Escalar,
- AVENZAR.—Grupo de reses, veceira.
- AVEZAR.—Afacer, acostumbrar.
- AZAPURRAR.—Apurtar, azuzar.
- BALAGOTA.—Cousa esborrallada, esnaquizada, rota.
- BARBADELO.—Frio.
- BEBEDEIRA.—Borracheira.
- BICOS.—As puntas das espigas do millo.
- BICHA.—Lomezuga.
- BIRILLA.—Ingle.
- BOCAIRO.—Burato.
- BOCAÑO.—Intervalo antre duas rachas de chuvia.
- BOCHA.—Vexiga.
- BOLO ASMO.—Masa do pan sen fermentar.
- BROLLO.—A meio madurar.
- CABACO.—Anaco informe de madeira,
- CACHO.—Racimo de uvas.
- CACHÓN.—Lugar en que a auga de un río vai moi revolta entre penedos.
- CACHÓN.—(Ferver a). — Estar fervendo moito.
- CANINEA.—Rapaciada.
- CARROLO.—Castaña asada e mondada.
- CICHOTE.—Xeringa de madeira.
- COMESCHAMAR.—Fáquer unha cousa calquera (*Vou comeschamar un campo=vouno egar. Comeschimar a porta=pecha a porta*).
- COMESCHAMO.—Cousa, obxeto.
- CORISCO.—Pedrazo, granizo.
- COSCA.—Vaina das fabas,
- COSCO.—Follas que envolven as espigas do millo.
- COTELA.—Parte mais outa de unha cousa.
- CURISCA.—Vento frio.
- CURRIPA.—Camiño que case se non vé, desfeito.
- DANAR.—Nadar. Rabiar.
- DANADO.—Rabioso.
- DECATARSE.—Darse conta.
- DECOTA.—Poda.
- DENTEQUEIRO.—Colmillo.
- DESANUBIAR.—A moita velocidade (*corre que desanubia*).
- DESEIVAR.—Laval-a roupa de primeira intención, lixeiramente.
- ENDRÓMENA.—Persoa inutil, que non serve pra nada.
- ESBALAGOTADO.—Esnaquizado, esborrillado.
- ESBARRECADO.—Ancho.
- ESBOURAR.—Reventar.
- ESCAST.—De xeito que... De todos modos...
- ESCRONCHA.—Punta da cana do millo.
- ESCUNCHAR.—Abril-os ourizos pra lles tiral-as castañas.
- ESPARGALLAR.—Estender.
- ESTEBO.—Poste de madeira.
- ESTIÑAR.—Sumirse un líquido.
- ESTUADO.—Cegado, atascado.
- FABO.—Celdillas dos panales en que está a mel.
- FANEGUEIRO.—Acaparador.
- FORRUXE.—Hollin.
- GAFO.—Leproso.
- GODALLO.—Castrón.
- GUILLO.—Cuña.
- ICHÓ.—Trampa prás perdices.
- ILLARGA.—Cadeira.
- INZAR.—Reproducirse moito.
- IXOLA.—Xoguete.
- IXOLEIRO.—Mañoso.
- LASTRADO.—Caido co peso.
- LAVARADA.—Llamarada.
- LAVAREDA.—Lavarada.
- LIGAR.—Atar. Coincidir.
- LIÑA.—Baraza, atadillo.
- MARRUCO.—Parte queimada. Isca.
- MOLEGADO.—Machacado.
- MORGADO.—Maorazgo.
- MOSIÑO.—De facil traballo.
- MOUCO.—Xordo.

- MUDA.—(a fariña).—Moi miuda.
 MUREIRA.—Ratoeira.
 MURGAR.—Tapar un burato con mурgo.
 MURGO.—Musgo.
 NEDIO.—Liso.
 PAXARECO.—Rosio, sitio arredor de unha casa.
 PARCEIRO.—Coheredeiro.
 PARRUMEIRA.—Sítio da cheminea en que se forma o hollin.
 PEDRAZO.—Granizo.
 PITAR.—Partir en anacos miudos.
 PLANETA.—Que pretende sabelo todo.
 POTE (*festa de*).—Festa grande, boa.
 POTRA.—Humores negros do millo.
 RABIZAR.—Esgollar.

- RAXEIRA (estar de).—Estar tomando o sol.
 RELEVES.—Xantar que sobra do dia da festa e que se come ao seguinte.
 RENLO (ð).—Ás costas.
 REQUIÑA.—Porca pequena.
 RESIO.—Rosio, sitio arredor de unha casa.
 RIXAR.—Fritir.
 ROLLAR.—Tapar un pote, unha cazola, etc.
 ROSIO.—Resio.
 SOALLEIRA.—Roupa posta ao sol.
 TANADA.—Cobertizo.
 TEMPERAS.—Fruto que madura cedo.
 ULA?—Onde está?
 XUROS.—(*díñeito a*).—A réditos.

XAQUIN LORENZO FERNANDEZ.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

A GRANDE DOOR DA FACULDADE DE MEICIÑA DE COMPOSTELA

Seninxuria prás mais a escola médica compostelá tén representado a forza de maior infroenza na Galiza da Universidade, por a longa e senlleira tradición, o traballo dos médicos no agro, e nos tempos decorridos formadores da Galiza romántica e aitonal por seren os estudantes de Meiciña os apai-xoados das novas ideas. Hespidal de peregrins n'outrora, hoxe hospidal e sanatorio, Compostela debe aos médicos un dos seus dereitos á capitalidade galega. Dende antigo—lémbrase a escola filosófica de Varela de Montes, a clásica elegancia de Andrey, a revolución clínica de Teijeiro, a exemplaridade de tantas outras figuras como Romero e Barcia entramos poetas de inspiración enxebre—a escola médica galega tén un estilo que trascende a pura teoría e práctica, recolle a inquietude filosófica e garda no necesario pragmatismo a procura de un eixe de pensamento. Hoxe à petrucia facultade sofre a door da morte de dous dos seus millores fillos, entramos xóvenes mestres, entramos fuxidos no intre millor pra maduraren cada un o seu pensamento diverso e compre-

mentario. Os Doutores Nóvoa Santos e Rodrígues Cadarso semellan encarnare no vivir e hastra no morrer os dous tipos do comprexo ser galego, ás veces misturados na mesma persoa, n'iles precisados e senlleiros ca precisión e craridade amedrada por as diferentes vocacións: O fisiólogo, o anatómico. Nóvoa Santos fisiólogo e clínico, foi místico e pesimista, amaba a morte e n'ela pensaba de cotío. Cadarso, anatómico e antropólogo, amaba a vida e non pensaba na morte. O pirmeiro miudío, refreisixo, clexiaco, rexo, optimista, apolíneo Cadarso. Na cadeira a elocuencia máina, afondada de Novoa, a verba sonora, sintética de Cadarso amigo das vidas ideas goethianas ao eispricare o xénesis do cráneo ou seguindo nas caveiras dos cemiterios galegos o tipo anatómico da raza. Nóvoa abriu a porta a morte amiga vella por os camiños da eisprencía psicolóxica. A Cadarso tiña que o surprendere a morte de xeito brutal. A door da escola compostelá é door da Galicia e do requintado mundo da cultura europea. Escolleitos por a morte na chea xuventude a sua obra ha ser por

obriga de gratitud e por impérativo das outras esenzas do espírito, seguida por a mocidade galega.

NÓS sinte na alma a grande doer da escola de Meiciña de Galiza.

PRA A UNIFICACIÓN DO IDIOMA GALEGO.

O Seminario de Estudos Galegos está fagendo circular en folleto as concrusiós acordadas pol a Seizón de Filoloxía, baixo do tido de *Algunhas normas pra a unificación do idioma galego*. Naturalmente, que o Seminario non fai outra cousa que propolas á quen as queira aceptar, anque dende logo han de ser adoptadas de hoxe pra diante nas publicacións do Seminario.

As normas están feitas tendo en conta traballos anteriores, coma o presentado pol o Sr. Couceiro Freijomil a Asambreia do Seminario tida en Pontevedra no ano 1928, emprantado despois c'un apéndice do Profesor Moralejo, da Universidade Compostelá, as aportaciós dos membros da Seizón de Filología, e o informe dos xefes de Seizón do Seminario.

Son de tres castes: *Normas ortográficas*, que comprenden tres seizóns *letras, siños ortográficos e ligazón de verbas*. *Normas fonéticas* e *Normas morfolóxicas*.

Non son normas ríspetas, nem tampouco son moitas; deixan unha gran liberdade, e sobre todo, respeitan as formas locales e os dialectalismos, que enreqüentan e dan variedade ao idioma. Limitanse a aquiles puntos nos que a anarquía era mais rechamante e revoltante, e a desbotar formas bárbaras ou de excesivo vulgarismo, e a facer trunfar o bon gusto.

O criterio é mais ben ecléctico e provisional: ispiradas no intento de dar facilidades ao que lee, mantén o uso do *x* contra *g, j*, suprime o apóstrofo e limita a usanza do

guión, aténdose n'outras cousas ao costume mais corrente, sen consideración excesiva á etimología nem ao fonetismo. As *Normas*, polo tanto, non se poden dar por rigurosamente científicas, mais a sua orientación práctica é boa e san, dada e sinxela, polo qual, nós proporcionamos a sua adopción, *provisionalmente*, e namentres non haxa ante nós un ensenho regular da nosa lingua, en cuio caso, coidamos que se debe voltar inmediatamente ás formas que podemos chamar clásicas, e más á ortografía etimolóxica.

N outro número, reproduciremos as *Normas* do Seminario.

SEMANA DE HISTORIA DE GALIZA

ANUNCIASE, asegún prospeto que recibimos, no Instituto de Noia, baixo a dirección do Prof. Alvaro das Casas do 22 ao 27 de Febreiro.

As leciós son as seguintes:

Dia 22: «O valor espiritual da Historia», polo Prof. Alvaro das Casas.

Dia 23: «La Galicia prehistórica», por Santiago González Zurdo.

Dia 24: «La alta edad media en Galicia», por Eduardo Ronquete Viñas.

Dia 25: «Nuestra baja edad media», por Valentín Mata Hernández.

Dia 26: «Nuestra historia en la decadencia», por Joaquín Pérez y Pérez.

Dia 27: «Galicia en el siglo XIX», por Alfonso Costa Rodríguez.

Dámolo noso cordialísimo parabén ao Instituto de Noia e mais ao noso colaborador Alvaro das Casas, por tan fermeza iniciativa, de que están ben necesitados os nossos centros docentes. Craro que temos que lembrar tamén os cursos do ano pasado na Univerridade e na Escola Normal de Pontevedra, mais hai que recoñecer que o Instituto de Noia leva realizado unha boa laboura no tocantes á coñecencia da nosa terra e dos seus valores.

LETRAS DE AFORA

EVE DE CHARLES PÉGUY

UNHA foto do tenente Charles Péguy cas botas de campaña que n'il semellan de mariñeiro de Dunkerke e a timideza da barba lóira de home do agro e os «pince nez» do escritor apaixoadoo do tempo do affaire Drei fus. Un Francia Jammes con uniforme, un parisián dos lóiros cuia perda doia a Gautier, un franco da Austrasia. Na súa obra xurde como a néboa vexetal das campías e por a forza sen orde, a saiva, a representación sinxela en estampas ou pasos de procisión dos probremas, e esa separación dos bos e

dos maos propias dos medievais e dos nenos, Péguy é un anti Voltaire, un anti-Anatole, aldeia contra castelo, arrabalde contra rúa racionalista-o arrabalde que ainda se pode cultivar en eidos entre o esquema das vias. Labrego honrado de París sentía a vida como georgica cristian e mitoloxía, no símbolo do pán, nas agromadas das xeraciós e por iso os «Cahiers de la quinzaine» son obra de artesán e como almanaque labrego que en troques de fases de lúa rexistrara as mareias da paixón, as colleitas do espírito o decorrer dramático dos fondos misteriosos de cada sazón, Misterio de Xohana de Arc é ista Eva

alongados en perspectivas onde colle a lembranza da nenez e fai o mito presente nas cousas cotiáns. En istes versos: «Heureux ceus qui sont morts pour la terre charnelle. Mais pourvu que ce fut dans une juste guerre» o poeta aduviña seu pasamento e faixe un autoresponso. Tiña de morrer no Marne (5 setembre 1914) namentras Proust emboscábase e Radiguet beilaba cas marquesas, lúa apagada pra que os Péguy da rúa non lles cantaran o «Ça ira». Pra il Francia, terra, era peito de nai e as pontes do Rhin as portas da casa onde o can late aos estranos azuzado por o neno.

GOBINEAU: UN SENTIR DA EUROPA E DA HISTÓRIA

ARTHUR de Gobineau, francés, poidera ser belga ou millor suizo de falar latino, como Amiel ou Ramuz, sen deixar de ser o que foi: euopeu ou millor eurásico. Cécáis o cartesianismo nativo e a carreira diplomática baixo Tocqueville, elegante liberal antigo réxime, permitiuille vivir suas teorías co socego negado ao apaixoador romántico Nietzsche e morrer deixando a polémica i a lenda pra despois. Hoxe hai un movemento gobinista pirmeiro espertado por os racistas alemáns pro domo sua. Ario do tempo en que os filólogos choraban de emoción ao lembrar o descer das xentes nobres aos bosques da India cantando liturxicamente os himnos védicos, crecente indo europeu de Himalaya aos promontoiros céltigos, luar das estepas criadoras (tamén o canto do pastor errante da Asia, de Leopardi) contra a falseira lúa semítica, despoixa o crecente de Mahoma. Por qué os germanos primoxénitos da caste? Tamén foi ario Clovis, a oxiva de St. Denis, o duque de St. Simon e Barrés i-o grande ário Calromagno derrubou ao Yrmensul deus vexetal da frolesta germánica. Gobineau odiaba a democracia, a retórica, o semitismo. Procuraba na historia da Asia a hegemonía das xentes superiores e seu pesimismo diante as liquidacións do XIX non era berro como en León Bloy, sinon xesto de quen deixa pasar a greda e seus sonhos heraldos e fia o porvir ás persoalidás senlleiras e grupos de élite. Amaba e cría na familia que garda o decorrer do sangue escoleito, seus ensaios pirmeiros molláronse na onda armoricán, bulrábase do progreso, e na falacia mediterrán apreciaba nas seráns de Atenas compónido suas novelas en auga forte as beiras do Illissos, no Antro das Ninfas, aquila enxoiteza dória tamén amada dos helenistas franceses e dos xansenistas. Os normandos foron os cruzados en todos os terreos e Gobineau, wiking con castelo herdado na Francia, non foi xefe de tripula-

ción en vida por lle fallar a expresión artística de Wagner ou Nietzsche, mais gracias a Houston Chamberlain foi de morto o patrón de unha Europa da categoaría das de Renán, Goethe ou Kierkegaard, cecais seme llante a de Herder, a que non renega da irmadade asiática e fia nas Pleiades, na constelación de poucos homes, pra manter o estilo de unha cultura.

A MORTE DE UN «FUHRER» POR A ESTÉTICA

Houbo funeral con grande orquesta á nova da morte de Stefan George e seu retrato paseou por xornales e revistas a testa do Apolo alemán, tipo Schiller ou Kleist, paixón gótica cristalizada en estética de Winkelmann. George non podía ser popular na Germania de Berlin, da burguesía tipo Hamburgo e público dos dramas de Haupman e da novela do repubricano Mann. Nin xiquer compuxo lieder ningún. Misticismo da raza, da pureza germánica non lixada por o latínismo. Con todo George era cibdadán de París e aos seus amigos de Lutecia adicou unha das millores gabanzas da cibdade. Iste amigos eran os do circo de Mallarmé. Atopaba n'unha minoría francesa mais celtismo que romanidade, mais helenismo educador que latin virxilián. Unha Alemaña eixe por a forza da Iírica, das virtús de mando da aristocracia ispirada no sentimento das tribus escolleitas outro sino contra-xudeo, algo que se poidera espresare na estatua de Thorvaldsen, Apolos lóiros, ascética da Musa atlética, espartanos acampados en pé de guerra filosófica e artística contra a rebelión de duas castes de forzas neboentas: slavismo e mediterráneo. A escola gótico-helénica de George axuntou mocidas escolleitas en loita co delirio musical dos burgueses sensibeles, ca invasión, revancha do 70 da novela naturalista, erguendo en pirmeiro térmico dous valores da pintura, Durer e Rembrandt. Logo o mestre fica solo e agora seu ideal de «volkische Banner» caeu na man de Hitler. Fica a eixemproridade de un artista da liña de Hölderlin, do tipo órfico contra o tipo dionisiaco, uns cantos no estilo heroico do primeiro Beethoven lonxe do panteísmo e irmán cécáis de aquil pulo que Leconte de Lisle quixo dar á poesía francesa e foi na sombra de frouma ecoante de canto de Hugo como o abeto da Harz no bosque das encinas. Outro carolinxio non lonxano ao bo «causeur» Gobineau.

O DANTE DE PAPINI

PAPINI, nado con lentes, fealdade de xornalista e antipatía de intelectual en vila pequena, nado vello, e por paradoxa dos

fados etruscos un mozo, un adolescente e non pasa do derradeiro ano do Bachillerato sentindo con absoluta honradeza a responsabilidade da primadeira e do primeiro poema e de non saber grego pra poder leer a Safo no piñeiral de esgreivo ulido. De eiñu sua grandeza e fracaso porque ao morrer os pais hai de gobernare a casa e pra sementar froito curtar o bosque sagrado. O Dante de Papini, Dante tamén adolescente ao tomar terriblemente en serio todo, ao ironizare seriamentes, como si da verba pendera a sorte do mundo. O xigantesco emigrado é no Papini un paseante que non deixa de ollar as torres de Firenze nas primeiras serás da pubertade, co latin fresco, e firentes as miserias do veciño. Seria o Imperador un podestá ideal pra o mundo i-los sons do campanile municipal as horas regoadoras do Santo e Romao Imperio. Dante etrusco é profeta e ainda que Papini non o afirme menos román do que figura, é dicir o contrario do Renacemento e da Contra Reforma. Un adolescente dono de xénio de abondo pra alongare ao largo de todo un vivir unha única hora da adolescencia, aquila da tráxica descuberta de o correr do vento de Deus encol da alma e do mundo, tal semella a ideia papiniana da inspiración dantesca, o menos literario e académico, o más profético e aduviñador de futuros sentindo o mundo como motivo e prólogo de unha derradeira xustificación.

Hai un capidoo de gran força e susxetión: o do «Veltre», o can misterioso espaventador do lobo, do demo. Papini ao interpretalo como vaticinio do reinado do Sto Espírito cincueo co miragre franciscán, e nós lembramos como o solo gran poeta moderno que o teña recollido foi o neno elástico Francis Thompson no «Lebrelo do Ceu» eisprendor de vitral simbólico na poesía atlántica.

CRÍTICA APRIORÍSTICA

Noite, xiada, neve febreirinha, o Mediterráneo foulca como no tempo de Ulises, anúnzase a revolución, eiñu na Galiza non sabemos cando as mimosas cebarán seu número de ulido de ouro vexetal. Igoal que o deserto Febreiro — deserto pódese definire: o non previsibile, — o anuncio de o libro de Paul Morand pra os derradeiros do mes. Di o tidoo: «France la douce» ¿Por qué non fague crítica a priori? Mais xogando limpo pois c'un falseiro apriorismo, sen leer os libros fáñse moitas críticas de Farmacopea. Paul Morand é ceciñis o soio esquirtor que sinta o pracer de ser burgués — burgués de vixiña diplomática e de Quisi d'Orsai. E pra selo tén de ser seu sangue neófito na Europa, renunza a tribu ancestral da sua estirpe onde

resóa a palinodia congolesa do bosque fatal sostituida por o violoncello do requintado interior holandes: libertade. Contra Emmanuel Berl burguesia pode significare trunfo e madureza, incruso con bizantinismo, de libertade. Morand sempre viaxando, superando o castelo dos medos do Grand Hotel de Vicki Baum — soio misterio de Udolfo pra os «vasta» ainda que sefan feudás da Pomerania, Morand que daria un segredo de Estado por ter a pel branca de un serranchín dos bosques de Noruega, Morand cuia paisaxe sería ista; conversa parisien no interior holandes con fiestras ao parque inglés (Roden-de-Utrecht-Balmoral) que escribirá baixo o rubro de a frase da Chanson de Roland? O maior heroísmo dos Pares Carolinxios como do noso Conde D. Ramón, foi a incomodidade da Hespaña pra fague palenque e cazata feudal como a de Felipe V pra fague xardin. Pois escribirá a épica da Francia como horto e viña, bosque ao Vigny, xentilhome incómodo na bohemia e na Academia, cas trompas de caza e precisamente cando os albres locen lumes outonisos como a chemineia de Montaigne, libro de contas e datas da burguesia elegante da provincia, capídos de roxo Borgoña, de sotil bordeaux, de páleido Rhin-Stendhal, Montesquieu, Barros. Clemenceau non quixo, tivo vergonza de inaugurar a Exposición de Horticultura pois Clemenceau foi un bárbaro galo i-o bon francés ao debullar unha alcachofa de St Pol de León sinte o pracer estético da fonte barroca. Francia tradición madura, horto e xardin, salón da natureza, sen xiada de lidar, nin solano nin vento tártaro, dende o luteianismo de Juliano, as rosas dos Valois, a galifa e as aperturas de palleiro de Enrique IV... hasta a cobra anifiada no veludo de Proust, será o libro de Morand. E fai ben si pode pois xa que ningüen oxe se crucifilar por un problema ou por un caso de concenza como dinantes Anthero, ou Nerval (soio Wegener deixouse morrer de frío metáfísico) abonda con gardar o viño nas pipas dos ilustres tartratos.

R. O. P.

REVISTAS

BOLETIN DE LA ACADEMIA GALLEGA
Coruña, 1.º Sepbre. 1933.

Don Federico Maciñeira publica un traballo titulado: *El Ortegal en el culto de los Cabos (notas para su estudio)*. O cabro mir d'Ortegal tivo que ter extraordinaria importancia pra os navegantes antigos. E'o *Argyrum* da *Ora Maritima* o *Arabro* de Strabón, Plinio e Nela, o *Trilenco* Ptolomeu.

Tendo en conta a divinización dos cabos, de que fala Leite de Vasconcelos (*Religiones*, vol. II, p. 202), o Ortegal debeu estar consagrado a certos genios paganos. Autorizan esta hipótese a presenza dos santuarios de San Andrés de Teixido e San Xeo do Trebo, perto do qual apareceron restos romanos que n'aquél lugar sementes podian ser d'un tempo, e d'unhas cantas figueiras bravas, en terra erma, antr'a Fonte da Moura e os restos d'un muro de mampostería e tégulas, posto todo pol a gente aos mouros. Fatos de cabras pantásticas forón vistas ali por algúns veciños da Vacariza, e outros ouviron cantar un gallo dentro dos penedos. O A. relacio isto co rol das cabras na mitología luso-galaica, co caraute fálico da figueira, cos galos dos mitos galegos, perguntando s'os sines si ado d'iste vigiante non aludiría ao cabo onde cámbea a orientación náutica, de coidado pra o navegante. E quer trague isto pra sufiscal-a sua tese espota en *Arros* e n'outros traballos encol dos Artabros e do seu golfo.

ANUARIO DE PREHISTORIA MADRILEÑA. Volúmenes I, II e III, 1930 a 1932.

Non é revista lugar axeitado pra análise detida do labor verdadeiramente extraordinario que supoñen istes tres volumes, mais compre que destaquemos, siquera sexa dunha maneira sumaria, o seu valor e a sua subida importancia e que chamemos a atención dos nosos lectores encol da ilustre figura científica de Xosé Pérez de Barradas, director do Servicio de Investigaciones Prehistóricas e do Museo que aí vai adxunto, institucións ambas que sostén e ampara o Concello da capital do Estado Hespañol.

Pérez de Barradas cunha admirábel teimosía que nunca será de abondo loubada, logrou vencer as resistencias e as imcomprendóns tan frecuentes en moitos países, e de maneira particular no noso, chegou a intresar en cousa tan remota pro español meio, como é a prehistoria, ao Concello de Madrid, conseguiu consinacions, se non faturentas pol-o menos razonabeis, e viu por fin coroada a sua obra pol-a fundación dun Servicio, dun Museo e dun Anuario, asegurándose, ao mesmo tempo a colaboración de firmas prestixiosísimas de Hespañha e do estranjeiro.

Con decir que o Servicio traballa a cotío, que ten descoberto e estudiado xacementos paleolíticos coma os do val do Yarama e do Sotillo que viñeron a revolucionar creanzas sobre estratigrafía e tipoloxía, que estudiou os fondos de cabana neolíticos que apareceron ao mexérense as terras nas obras da Ciudad Universitaria e que ten a sua atención sempre esperta pra no deixar sen rexistro ningún aparecemento ou achadego, non o teríamos dito todo, xa que cumpriría engadir que as escavacións emprendidas son un modelo de método, de técnica e de coneiximento e que o e same e descriminación dos materiais asocellados lévase a cabo cunha minuciosidade e unha erudición prehistórica admirabeis.

Pol-o que toca ao Museu lembramos ainda as frases entusiastas e quentes do chorado Serpa Pinto, frases escribidias nunha carta redixida após de admirar a disposición e arranxo dos materiais ali espuestos.

E o Anuario ahí está a falar pol as tres boas dos seus tres primeiros volumes, que o colocan en primeirísimo lugar entre as publicacións do seu xénero de todo o mundo.

Colaboracións escolleitas, densidade científica, riqueza e esmero na parte gráfica, coidado minucioso nos detalles e por cabio unha forte bibliografía, esa forte bibliografía que tanto se bota de menos na mor parte das revistas hespñolas da especialidade.

E non queremos silenciar que entre os colaboradores mais dedicados e asiduos do Anuario figura un nome ben conocido pros galegos, o nome de Xulio Martínez Santa-Olalla, antigo amigo dos redactores desta revista, que acusa de cada vez con meirande intensidade unha preparación e un impetu pro traballo, unha curiosidade e un activo irafergar, que haberán de colocalo en breve tempo na fía mais destacada dos arqueólogos hespñoles, se é que na hora presente non ocupa xa tal lugar.

De veras desexamos que o Concello de Madrid, continue dindo tino ao labor de Pérez de Barradas e dos seus colaboradores. Coelo terá feito unha das suas obras más meritorias aos ollos do presente e do futuro.

F. L. C.

Os pobos
somentes son
grandes pol-a
cultura.



Mercade
Libros
Galegos.

1000

MERQUE VOSTE DE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR,
 VENDENSE EN TODOL OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo
Santiago de Galicia

Dos Profesores

D. Fernando Alsina e D. Antonio M. de la Riva

CIRUXANO

XINECÓLOGO

FOTOGRABADO

Si quer qu'os seus fotograbados sexan o mais perfeito posibles, convenile envialos aos
Talleres de fotograbado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
 unha biblioteca galega,
 mentres non adequira as
 obras editadas por

NÓS

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
 SANTIAGO